

LADY BIRD

[Greta Gerwig, 2017]

352

ESTREA EN NUMAX: 02.03.2018 | V.O.S.E. | +12

Lady Bird (2017, 94')

Dirección: Greta Gerwig

Guión: Greta Gerwig

Elenco: Saoirse Ronan, Laurie Metcalf, Lucas Hedges, John Karna, Beanie Feldstein, Tracy Letts, Timothée Chalamet, Danielle Macdonald, Bayne Gibby, Victor Wolf

Son: Nicholas Schenck

Montaxe: Nick Houy

Vestuario: April Napier

Dirección de arte: Maite Perez-Nievas

Música: Jon Brion

Fotografía: Sam Levy

Produtoras: IAC Films, Scott Rudin Productions, Film 360 (EEUU)

Distribuidora: Universal

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA

Noches y fines de semana, 2008
[con Joe Swanberg]

PREMIOS E FESTIVAIS

Oscar 2018 (5 nominacións, incluídas mellor filme e dirección), Globos de Ouro 2018 (Mellor comedia e actriz), Premios BFTA 2017 (3 nominacións, incluíndo mellor actriz), Premios Gotham (Mellor actriz)

SINOPSE

Unha moza estudante que se fai chamar Lady Bird (Saoirse Ronan) múdase ao norte de California para pasar alí o seu último ano de instituto. A moza, con inclinacións artísticas e que soña con vivir na costa Leste, tratará dese modo encontrar o seu propio camiño e definirse fóra da sombra protectora da súa nai (Laurie Metcalf).

«Un triunfo moi difícil de lograr. Filme sobresaliente»

Jordi Costa, EL PAÍS



“Aprendín cinema nos sets de rodaxe”

Entrevista con Greta Gerwig

Por Aisha Harris

Lembro que na época de *Frances Ha* (Noah Baumbach, 2012) falabas da maneira de facer as escenas coma se fosen novas cada vez. Esa idea traducíchela á maneira de dirixir os actores? Si. Teño reflexionado moito en quen son como directora e na miña experiencia como actriz, guionista, produtora e moitas outras cousas que teño feito antes. Eses anos foron a miña escola de cinema porque non fun a ningunha como tal, aprendín nos sets de rodaxe, onde tentei sempre ter os ollos e as orellas ben abertas buscando ideas, modelos e consellos sobre como iluminar unha escena e moitas outras cousas. Fun moi afortunada ao traballar con esta xente.

Logo encontrei este elenco, que é realmente fenomenal, cada actor ou actriz por separado son extraordinarios, e fixeron que as miñas ideas ao escribir o guión se fixesen realidade. Quería que o espectador percibise que podía seguir a cada personaxe e sentir todo o filme coma se estivese alí. Precisaba actores que puidesen achegar esa sensación de vida cunhas poucas pinceladas e, dalgún xeito, extraer unha porción de realidade. O que tentei foi darlle aos actores tanta información como me era posíbel. Fixen unha chea de playlists, deilles libros para

ler e falamos moito. Coido que boa parte do meu traballo como directora consistiu en crear un clima de seguridade, calma e liberdade para poder cometer erros e o mesmo para o elenco. Coido que os actores e actrices actúan mellor cando se senten empoderadas.

Houbo algún personaxe en particular que mudase moito na pantalla fronte ao que tiñas escrito no guión? Si, coido que dalgún xeito todos o fixeron. Unha vez que os personaxes teñen o corpo e o rostro dun actor ou actriz mudan na miña cabeza. E sinto iso con calquera dos personaxes. Unha vez que comeza a actuación é como se unha terceira persoa entrase no cuarto. Non son eu, non son eles, é o personaxe. Nese instante sinto un arrepiño e sinto que a cousa marcha.

Nos últimos anos vimos uns cantos filmes que centran a súa historia no proceso de maduración de personaxes femininos dirixidos tamén por unha muller. Temos *Al filo de los diecisiete* (Kelly Fremon, 2016), *Pariah* (Dee Rees, 2011), *The Diary of a Teenage Girl* (Marielle Heller, 2015).

Inspiráronche dalgún xeito?

Primeiramente, quero dicir que todos eses filmes significan moito para min. Lembro cando vin *Pariah* e dixen, «Oh, isto é marabilloso, nunca vira antes nada igual». Sentín o mesmo cos outros dous filmes que sinalas. Persoalmente, e dun xeito algo egoísta, estou encantada de que se fagan filmes coma estes porque me interesa que as mulleres mozas acaden a súa personalidade. É algo que

non vin cando eu estaba a medrar, había algunhas películas que se achegaban a esta ollada pero sen chegar a conseguilo. Encantábanme os filmes de John Hughes, como *La chica de rosa* (Howard Deutch, 1986).

O vestido rosa de *Lady Bird* é unha homenaxe a ese filme? Co pelo e máis o vestido, si. Non o pensara. Algunhas veces Saoirse e máis eu falamos sobre que películas tería o personaxe na cabeza e cales non.

Nalgún momento pensaches que aínda non estabas preparada para facer o filme? Seguramente cando decidín facer o filme e comecei a traballar no guión, en 2013 ou 2014. En 2015 comecei a procurar produtores e xuntar diñeiro. Seguramente podería ter realizado o filme antes pero sentía que o guión non estaba preparado. Quería sentirme completamente segura de min mesma. Non me arrepiño de todo o tempo que agardei, foi enormemente útil todo ese tempo de traballo con diferentes actores. Coido que foi importante ter traballado coa cineasta Rebecca Miller, pouco antes de decidir facer o filme. Non creo que fose casualidade. Tampouco é que dixese: «Oh, estou a traballar cunha cineasta, teño que facer isto». Mais claramente xurdiu unha conexión ao traballar con ela. Nese momento estaba preparada para escoitala, vela no set dirixindo foi como ver o exemplo que eu quería seguir.

Publicado en www.slate.com
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónate
e ven sempre
por 4,5€

Faite
NUMAX!